

CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2022-2023

(para aprobación no Consello de Goberno do 11 de marzo de 2022)

1.- O curso académico comprenderá do **1 de setembro de 2022** ao **31 de agosto de 2023**.

2.- O calendario de actividades académicas é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na Universidade.

3.- Seguindo o disposto polo RD 1125/2003, cada crédito ECTS supoñe 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios, durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico.

4.- Consonte ao exposto, as semanas de actividade académica docente no curso 2022/2023 na Universidade de Vigo quedarán distribuídas en dous períodos equivalentes, do xeito indicado no cadro seguinte, e das que unha sexta parte reservárase para celebración das probas de avaliación final (situadas entre a data límite de entrega de actas do período correspondente e a do inmediato anterior) dedicándose o resto á actividade lectiva.

PERÍODO	INICIO	REMATE
PRIMEIRO	Luns, 5 de setembro do 2022	Venres, 27 de xaneiro do 2023
SEGUNDO	Luns, 30 de xaneiro do 2023	Venres, 9 de xuño do 2023

5.- Excepcionalmente, nas titulacións de Máster, previo acordo da respectiva comisión académica que deberá comunicarse á Secretaría Xeral, poderá adiarse o inicio da actividade académica docente lectiva, **sempre que se respecte o disposto no punto terceiro de presente calendario, sen prexuízo do indicado no punto sétimo e sen que as datas de apertura e de entrega de actas podan verse modificadas por este motivo**. Aos programas de doutoramento non se lles aplica o presente calendario e estarase ao establecido na súa propia convocatoria de matrícula.

6.- No mes de agosto non haberá actividade académica, que así mesmo quedará en suspenso nas seguintes datas, excluídas do cómputo sinalado no punto terceiro:

- Dende o mércores, día 21 de decembro de 2022, ata o venres, día 6 de xaneiro de 2023 (ambos os dous incluídos).
- Dende o luns, día 3 de abril, ao venres día 7 de abril de 2023 (ambos os dous incluídos).

7.- O período comprendido entre os días 1 e 4 de setembro de 2022 (ambos os dous inclusive), non computará aos efectos do disposto no punto terceiro, sen prexuízo de poder desenvolver no mesmo actividades académicas non lectivas. O mesmo sucederá co período comprendido entre o luns, día 12 de xuño, e o luns, día 31 de xullo de 2023 (ambos os dous inclusive), agás no caso dos mestrados que comezaran máis aló do luns, día 19 de setembro de 2022, para os que si contará o dito período -en proporción ao retraso acumulado ao comezo- aos efectos de poder completar o cómputo establecido no punto terceiro.

8.- Terá carácter festivo o venres, día 27 de xaneiro de 2023, data de celebración do día de Santo Tomé de Aquino, patrón da Universidade, posuíndo o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada campus, os días das festas locais, así como a data que corresponda a cada centro para a celebración da súa festa propia, pasando a luns ou venres as que non coincidan neses dous días da semana, previo acordo da correspondente xunta de centro. A docencia interromperase o luns, día 20, e o martes, día 21 de febreiro de 2023 (Entroido).

Relación de festas propias dos centros da Universidade de Vigo	
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	23/09/2022, venres
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	29/09/2022, xoves
Escola de Enxeñaría Forestal	04/10/2022, martes
Facultade de Bioloxía Facultade de Ciencias Facultade de Ciencias do Mar Facultade de Química	15/11/2022, martes
E.U. de Maxisterio "María Sedes Sapientiae"	27/11/2022, domingo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	04/12/2022, domingo

Facultade de Dereito Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	07/01/2023, sábado
Escola Superior de Enxeñaría Informática	25/02/2023, sábado
Escola de Enxeñaría Industrial	19/03/2023, domingo
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo Escola Universitaria de Estudos Empresariais	05/04/2023, mércores
Facultade de Historia Facultade de Filoloxía e Tradución Facultade de Educación e Traballo Social Facultade de Ciencias Da Educación e do Deporte	26/04/2023, mércores
Facultade de Ciencias Sociais e Da Comunicación	29/04/2023, sábado
Fac. Cc. Xurídicas e do Traballo (Relacións Laborais)	01/05/2023, luns
Facultade de Belas Artes	07/05/2023, domingo
Escolas universitarias de Enfermería	12/05/2023, venres

9.- Os períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa respectiva entrega serán os seguintes**:

Período/Convocatoria	Inicio	Remate
PRIMEIRO período	Grao: venres, 9 de decembro de 2022	Venres, 17 de febreiro de 2023
	Mestrado: venres, 16 de decembro de 2022	
SEGUNDO período	Martes, 11 de abril de 2023	Venres, 30 de xuño de 2023
2ª OPORTUNIDADE	Martes, 4 de xullo de 2023	Luns, 24 de xullo de 2023
FIN DE CARREIRA	Venres, 16 de setembro de 2022	Venres, 11 de novembro de 2022

10.- No caso dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO e MÁSTER, as datas límite para entrega de actas serán**:

PRIMEIRO período	Venres, 3 de marzo de 2023
SEGUNDO período	Venres, 7 de xullo de 2023
SEGUNDA oportunidade	Venres, 15 de setembro de 2023
FIN DE CARREIRA	Venres, 25 de novembro de 2022

11.- Excepcionalmente, nos centros que, xustificadamente, desenvolvan prácticas externas curriculares no mes de agosto, previa comunicación ao Servizo de Estudos de Grao ou de Posgrao, segundo corresponda, a data límite de entrega de actas na segunda oportunidade poderá estenderse como máximo ata unha semana antes da indicada para o TFG ou o TFM, segundo o caso.

12.- Nas guías docentes deberá figurar a metodoloxía e o procedemento detallado para a avaliación das materias, debendo recollerse nas mesmas a data así como, se procede, hora e lugar de realización das probas de avaliación. Tamén deberán especificar o medio empregado para a súa publicación oficial así como das modificacións que, xustificadamente, puideran producirse. Na fixación das datas relativas ás probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo, procurarase que vaian en primeiro lugar as materias correspondentes ao primeiro cuatrimestre.

13.- As probas de avaliación da convocatoria de “fin de carreira” poderán celebrarse dende o xoves, día 1 de setembro de 2022, debéndose acordar as datas concretas polos respectivos centros, respectando, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 9, sen posibilidade de suspender as actividades lectivas por esta razón.

** As datas de remate para entrega de actas poden ser adiantadas (nunca adiadas) polos centros, previo acordo da Xunta de centro ou comisión delegada competente, sen que tal decisión poida conlevar cambios nas datas de inicio para a súa apertura.